

UN SOL RADIANT

Mònica Cambra, Ariadna Fortuny, 2023

1295

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2024 | V.O.S.E. | +12 | 79 min

Mila, a súa irmá maior e a súa nai, pasan uns días nunha casa de campo, illadas do mundo e do ruído. Non obstante, respírase no ambiente unha calma cada vez máis tensa, e os nervios están a flor de pel. As incómodas miradas, os silencios e as ausencias revelan a inminencia dun feito irreversible, e para exorcizar todo iso Mila decide organizar unha festa que se irá convertendo, a medida que se achega, en moito máis que unha simple celebración.

«Grazas ao seu astuto uso da cámara elabórase unha película moi sutil pero chea de suspense psicolóxico»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con Mònica Cambra Domínguez e Ariadna Fortuny Cardona: «Queríamos facer un relato de apreciación á vida»

Como xorde a idea do filme? O filme xorde no marco da universidade como traballo de fin de carreira. Queríamos falar do medo e a morte, pero, sobre todo, da xente á que queremos e das cousas que realmente teñen valor para nós. E a premisa de ciencia ficción permitíanos afondar niso. As cousas cando máis se adoitan apreciar é cando se están acabando.

Na historia, a inminencia dun final dispárao todo e permite que collamos distancia e vexamos a nosa realidade con outros ollos. Como xeración, cremos que somos moi conscientes de que o mundo tal e como o coñecemos agora ten un fin. E está máis preto que lonxe. As crises, o capitalismo feroz e o cambio climático, entre outras cousas, estannos levando a iso e é algo que, de maneira máis ou menos consciente, preocúpanos e estaba latente durante o proceso creativo.

O filme, pese a tratar un tema trágico como pode ser a fin do mundo, é moi luminoso. Que intención tiñades ao situar a trama neste escenario? Interesábanos facer un tratamento luminoso dun tema moi escuro. Parecíanos que a historia era suficientemente triste por si soa e non queríamos recrearnos niso. En cambio, queríamos facer un relato de apreciación á vida, algo que quixemos transmitir a través do ton e das escenas de natureza. Especialmente tendo en conta que a protagonista é unha nena e vivimos o filme desde o seu punto de vista, a súa inocencia e a súa mirada ao mundo aínda por descubrir.

Que vos gustaría facer a vós se vos vídeses nesa mesma situación? Esa pregunta acompañounos durante todo o proceso de creación e o propio filme é a nosa resposta. Nós viviríamos a fin con medo, pero tamén con moitas ansias de vivir. Pasariamos por momentos de desesperación, pero tamén por instantes de lucidez e de apreciación á vida.

Non sabemos se organizariamos unha festa, como Mila, pero o que si que teríamos claro é que o quereríamos vivir acompañadas das persoas que máis queremos

Como foi o traballo en equipo? O proxecto nace dunha maneira moi horizontal e colaborativa, polo que para nós cinco foi moi natural traballar en equipo. Xa desde a concepción da idea, tiñamos unha mesma visión do filme e, ao tratarse dunha ópera prima, ser varias ao mando axudounos a tirar para diante e a ir sempre a favor da obra. Cinco cabezas pensan mellor que unha e é reconfortante ter con quen compartir as dúbidas e as responsabilidades de algo tan agoniante como é facer un filme.

En canto á rodaxe, traballamos cun equipo técnico moi reducido e familiar no que todo o mundo confiaba e cría moito no proxecto. E, sobre todo, aceptamos a nosa falta de experiencia e sempre funcionamos desde a proba e o erro. Tanto nós como o resto do equipo. Equivocámonos e ensaiamos moito para que a rodaxe fose o máis fluída posible.

A revista chámase Más de Cultura e gústanos acabar as entrevistas preguntando, máis de cultura e menos de que? Máis cultura e menos complicidade co xenocidio.